




O proxecto **NUTRIAGE** está cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a través do **Programa Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020**.

## Socios do proxecto

- Consellería de Política Social da Xunta de Galicia
- Universidade de Santiago de Compostela (USC)
- Universidade Católica Portuguesa
- Asociación Clúster Alimentario de Galicia (CLUSAGA)
- Associação Integralar (PortugalFoods)
- Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y Mariscos (ANFACO)
- Instituto Politécnico de Viana do Castelo
- Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS)
- Santa Casa da Misericórdia do Porto.



Instituto Politécnico de Viana do Castelo



*"Solucións avanzadas para un envellecemento saudable a través da nutrición no marco da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal"*



[proxecto.nutriage@usc.es](mailto:proxecto.nutriage@usc.es)

# NUTRIAGE

Este proxecto será realizado a través da creación dunha Rede Transfronteiriza Multidisciplinar e Intersectorial composta por investigadores de distintas disciplinas, nutricionistas, persoal clínico, servizos asistenciais, administración, asociación empresarias, empresas do sector agroalimentario etc.

A finalidade do **proxecto NUTRIAGE** é a xeración de solucións avanzadas para mellorar a calidade de vida das persoas maiores na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

## ¿QUE IMOS FACER?



O proxecto ten como obxectivo asegurar un envellecemento saudable a través da avaliación, estudo e deseño de estratexias nutricionais personalizadas fundamentadas sobre a alimentación tradicional atlántica e o desenvolvemento de novos produtos alimenticios que optimicen o estado nutricional das persoas maiores e preveñan o seu declive funcional e cognitivo.

Pretende así mesmo xerar capacidades en I+D+i arredor do eixo avellentamento-nutrición-saúde que favorezan a mellora da calidade de vida das persoas maiores a partir da nutrición, reforcen a sostenibilidade e eficiencia do sistema socio-sanitario e incentiven o crecemento e a identificación de novas oportunidades de negocio para a industria agroalimentaria.

